



R aumenta a súa base de clientes en 2022 e mellora a conectividade de Galicia tras un investimento de 100M€ en fibra óptica e 5G

- *R destaca polo seu bo desempeño comercial nos últimos meses e a peche de 2022 supera os/as 600.000 clientes/as, entre liñas de banda larga e móbiles pospagamento.*
- *Preto do 85 % da poboación galega pode gozar xa da cobertura de 5G de R. E, coa súa proposta de Internet rural, esta tecnoloxía está permitindo achegar a alta velocidade a lugares de Galicia onde aínda non chega a banda larga fixa.*
- *Practicamente o 100% dos concellos galegos dispoñen nestes momentos de fibra óptica con R e poden gozar de alta velocidade simétrica e servizos de última xeración que sitúan Galicia na vangarda das telecomunicacións.*
- *R é líder do mercado en cobertura de internet con 1,6 millóns de fogares e negocios cubertos en Galicia coa fibra óptica de última xeración do operador galego.*
- *O operador galego converteuse na insignia principal do Grupo MASMOVIL en Galicia e, xunto co resto de marcas, acumulan preto de 315.000 servizos fixos de banda larga e unhas 800.000 liñas de móvil pospagamento.*
- *R ratifica a súa aposta polos criterios e valores ESG (medio ambientais, sociais e de gobernanza) e o seu compromiso co territorio, onde lles dá traballo actualmente a 1.600 persoas, entre empregos directos e indirectos.*
- *Ata a data, R investiu máis de 1.300M€ no seu proxecto para Galicia e, a peche do trienio 2022-24, a compañía galega prevé investir 175M€ na mellora da conectividade de fibra e 5G na comunidade galega.*

Xoves, 4 de maio de 2023.- R, o operador de telecomunicacións de referencia en Galicia, presentou esta mañá balance da súa actividade en 2022, onde a compañía continuou aumentando a súa base de clientes/as en condicións de mercado especialmente difíciles, ao tempo que mellorou de xeito significativo as redes de telecomunicacións de fibra e móvil que pon a disposición dos seus/das súas clientes/as en Galicia.

Ao longo de 2022, **R** mantivo o seu bo momento comercial e pechou o ano pasado cunha cifra próxima aos 205.000 servizos fixos de banda larga e 400.000 liñas móbiles pospagamento, ata acadar a cifra de máis de 600.000 clientes/as que confían os seus servizos de telecomunicacións a **R**.

Tendo en conta os/as clientes/as de **R** e do resto das marcas do Grupo, MASMOVIL conta en Galicia con máis de 1,1 millóns de clientes/as, dos cales preto de 315.000 son servizos fixos de banda larga e aproximadamente 800.000, liñas de móbil pospagamento.

*“Estamos moi contentos da evolución de **R** durante o ano pasado, xa que seguimos sendo a marca de referencia para os galegos e as galegas, con forte arraigo e implicación local. Ademias, somos líderes en fibra óptica e melloramos aínda máis a nosa cobertura móbil, ao tempo que ofrecemos tamén 5G nos nosos servizos converxentes de telecomunicacións, dixo Alfredo Ramos, Director de **R** e do Grupo MASMOVIL en Galicia.*

Dende hai algo máis dun ano “**R** converteuse na principal insignia en Galicia do Grupo MASMOVIL. A integración da marca impulsou os nosos resultados sobre todo pola mellora nas redes de telecomunicacións que lles ofrecemos aos galegos/as, e pola mellora nos niveis de satisfacción dos nosos/as clientes/as cos nosos servizos”, engadiu Ramos.

Mellora de infraestruturas de telecomunicacións para clientes de R en Galicia

Ao longo de 2022, **R** continuou mellorando as redes de telecomunicacións que pon a disposición dos/as clientes/as en Galicia e, dende que forma parte do Grupo MASMOVIL, o investimento acumulado no desenvolvemento das redes de telecomunicacións galegas supera os 100M€. O investimento previsto de **R** para continuar mellorando estas redes supera os 175 M € para o período comprendido entre 2022 e 2024.

Neste sentido, 313 concellos galegos, case o 100 % da totalidade, dispoñen nestes momentos de acceso aos servizos de fibra óptica con **R** e poden gozar de alfísima velocidade simétrica de banda larga (1 Gb e ata 10 Gb potenciais), *router* wifi 6 de última xeración e outros servizos avanzados que sitúan Galicia á vangarda das telecomunicacións.

En termos de fogares, na actualidade hai xa **1,6 millóns de vivendas e empresas** comercializables coa fibra óptica de última xeración de **R**, o que converte o operador galego en **líder do mercado en cobertura de internet coa tecnoloxía máis avanzada**. Durante este ano, realizaranse novas despregaduras de fibra e preto de 67.000 novos fogares das catro provincias galegas quedarán cubertos coa rede de fibra óptica de **R**.

fibra MAX

chega a fibra elevada á máxima potencia

ata 10 Gb simétricos + lag-free + wifi 6 universal


para os nosos clientes e os que queiran selo **quéroa**

5G de R: móbil con cobertura óptima e banda larga 'sen fíos' para o rural

Co obxectivo de lles ofrecer aos/ás habitantes de Galicia as mellores redes de telecomunicacións móbiles dispoñibles, arestora preto dun **85 % da poboación galega -185 concellos- pode gozar xa da cobertura óptima do 5G de R**. Ademais, ao longo de 2023, **R** agarda acadar con esta tecnoloxía a mesma cobertura que existe actualmente dos servizos 4G para que a comunidade poida competir en calquera mercado ao máximo nivel e fogares e empresas dispoñan dos servizos de telecomunicacións máis avanzados.

Ao tempo, **R** ofrécelles aos/ás seus clientes/as, alí onde non existe banda larga fixa, **a súa oferta de Internet rural a través da tecnoloxía 5G**, que está a obter un grande éxito comercial XA que o servizo permite achegar a alta velocidade a lugares de Galicia onde non chega a fibra óptica. De feito, preto de 300.000 fogares moi espallados a consecuencia da complicada orografía galega poden recibir servizos de banda larga grazas ao 5G, con alta velocidade e wifi 6.

Actualmente son 148 os concellos da comunidade que poden gozar desta proposta de **R**, que se converte, así, no **primeiro operador** que lles dota dunha **solución converxente fixa e móbil a clientes/as sen fibra**.



Por outra banda, a práctica totalidade das 400.000 liñas do servizo **móbilR** viron notablemente mellorada a calidade de servizos e a súa cobertura móbil grazas á migración dos/das usuarios/as particulares á infraestrutura do Grupo MASMOVIL. A nova rede garante unha conexión óptima e un servizo de telefonía móbil de máxima calidade.

Esta mellora da conectividade fixa a través de fibra óptica e de móbil con 5G en Galicia, unha oferta sinxela e completa de servizos, xunto a unha mellora na experiencia dos/as clientes/as baseada nunha maior calidade de servizo, son as principais razóns da boa tendencia do negocio de **R** nos últimos meses. De feito, as incidencias e problemas detectados polos/as clientes/as **reducíronse nun -27 %** con respecto ao exercicio de 2021, mentres que **o índice de satisfacción** con **R** aumenta nun **+13 %**, e **os niveis de recomendación** (NPS/ prescritores) se incrementan nun **+28 %**.

R, referente tecnolóxico para empresas e asesora do Kit Dixital

Dende o inicio da súa actividade hai xa máis de dúas décadas, **R** foi o operador de comunicacións de referencia en Galicia para as empresas do territorio. As últimas cifras confirman o seu posicionamento no mercado empresarial galego, onde presta servizo a 34.000 empresas, entre grandes clientes, pemes y pequenos negocios, e no que facturou 61M€ no exercicio anterior.

En 2022, **R** puso a disposición das empresas galegas a súa rede de fibra e 5G, solucións innovadoras na nube, control remoto con Intelixencia Artificial e propostas avanzadas de ciberseguridade, entre outros fitos. Todo isto xestionado 7x24 con gran protagonismo dos servizos *Big Data* e IA.

O papel tractor e asesor de **R** no tecido empresarial galego adquiriu máis importancia, se cabe, dende a posta en marcha do programa **Kit Dixital** do Goberno de España; neste contexto xestionouse xa o bono dixital e asesorouse sobre este plan de recuperación con fondos europeos 'Next Generation' a máis de 1.500 empresas sen custo ningún. Desta maneira, como axente dixitalizador, **R** trata de impulsar a revitalización económica e social de pequenas e medianas empresas axudándoas a conseguir **solucións dixitais adaptadas** á conxuntura de cada negocio.

Compromiso co territorio e criterios ESG

Finalmente, **R** continuou **apostando por accións ESG para xerar impacto positivo nas actividades que desenvolve** (medioambientais, sociais e de gobernanza) e reforzou o seu forte compromiso co territorio galego e cos seus habitantes.

Ademais de xerar postos de **traballo para unhas 1.600 persoas** (entre emprego directo e indirecto), o compromiso de **R** con Galicia, unido ao reforzo deses valores ESG situaron a **R** en **postos sobresaíntes nas edicións do Atlas Galego da Empresa Comprometida**, que avalía o papel das empresas a respecto da contorna e os axentes sociais ou a xestión do goberno corporativo, entre outros parámetros.

A **Cátedra R en Ciberseguridade**, pioneira como proxecto interuniversitario co sector privado, as *parties* informáticas **XGN R Encounter**, que reúnen milleiros de participantes ano tras ano, os **obradoiros de robótica crea R** para nenos e nenas, a acción lúdica dos **monólogos R** ou a acción social de **Enredando tour R** con Cruz Vermella de Galicia para rematar coa fenda dixital que lles afecta ás persoas maiores... son só algúns exemplos da actividade que dende hai anos, e tamén no pasado exercicio, ratificaron a promesa de **R** de ofrecer ese plus de valor sostible no territorio galego.

Como parte do Grupo MASMOVIL, **R** obtivo tamén outras certificacións ESG destacadas, como a de ser o **primeiro operador europeo cualificado empresa B-Corp**, a primeira teleco cualificada **Zero Neutral Carbon** ou os certificados ISO 14001 (xestión ambiental) e ISO 50001 (eficiencia enerxética). Ademais, recentemente o Grupo conseguiu o **rating Sustainable Fitch** con 77 puntos sobre 100, a mellor puntuación entre as compañías europeas de telecomunicacións que demostra a súa aposta polo liderado en sostibilidade. Por último, a prestixiosa organización mundial **CDP** recoñeceu o Grupo polo seu especial coidado do medio ambiente.

Para pechar o relato do exercicio 2022, unha referencia ao **Premio de Publicidade en Galego** que **R** recolleu no Parlamento de Galicia hai uns meses xunto á axencia galega **quattro idcp**, desenvolvedora do *spot* gañador; un traballo audiovisual editado durante a pandemia para lles dar as grazas e animar os colectivos que tanto se esforzaron e sacrificaron nos momentos máis duros da crise sanitaria.

Xa en 2023, a campaña de **R "Perdón"**, tamén con **quattro**, obtén no **XIII Smile Festival** o 'premio á mellor execución de campaña publicitaria', polo seu desenvolvemento de varios vídeos e gráficas para 'publicitar' a mellora da cobertura móbil de **R**.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil 4G e 5G, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica.

Dende agosto de 2021, o operador galego é unha das empresas do Grupo MASMOVIL e converteuse na súa principal insignia en Galicia. A integración impulsou os resultados de **R**, sobre todo polas súas afinidades nos valores esenciais de orientación ao cliente, axilidade, sostibilidade ou proximidade. Entre eses logros figuran, ademais, acadar a cifra de 1,6 millóns de fogares e negocios cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e que o 85 % da poboación de Galicia teña xa dispoñibilidade de acceso á tecnoloxía 5G.

A suma de MASMOVIL con **R** e o resto das súas marcas conformou un grupo con preto de 15,3M de liñas -12 M de clientes de móbil, máis de 3M de clientes de banda larga-, uns ingresos estimados de aproximadamente 3.000M€, 28M de fogares comercializables con fibra óptica e preto de 1.800 empregados/as, con forte presenza en todo o territorio nacional.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal

(ver ANEXO)

ANEXO

185 concellos galegos que dispoñen de 5G de R

A CORUÑA (63 concellos): Abegondo, Ames, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Coirós, Corcubión, Coristanco, A Coruña,, Culleredo, Fene, Ferrol, A Laracha,, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Melide, Miño, Mugarbos, Muros, Narón, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Trazo, Valdoviño, Vedra e Zas.

LUGO (36 concellos): Abadín, Baralla, Barreiros, Begonte, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, A Fonsagrada, Foz, Friol, O Incio, Lourenzán, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Portomarín, Rábade, Ribadeo, Sarria, O Saviñao, Sober, O Valadouro, Vilalba, Viveiro.

OURENSE (36 concellos): Allariz, A Arnoia, Bande, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Calvos de Randín, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Castrelo do Val, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Larouco, Lobeira, Lobios, Maceda, Maside, Monterrei, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, Piñor, Quintela de Leirado, Ribadavia, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Toén, Verín, Viana do Bolo, Vilamarín, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía.

PONTEVEDRA (50 concellos): Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo, Covelo, Crecente, A Estrada, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Illa de Arousa, Lalín, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Poio, Ponte Caldelas, Ponteareas, Pontevedra.

148 concellos galegos que dispoñen da solución de Internet rural de R

A CORUÑA (54 concellos): Abegondo, Ames, Ares, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cee, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Melide, Miño, Mugarbos, Muros, Narón, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Valdoviño e Vedra.

LUGO (28 concellos): Barreiros, Begonte, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, A Fonsagrada, Foz, Friol, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Portomarín, Ribadeo, Sarria, Sober, Vilalba e Viveiro.

OURENSE (21 concellos): Allariz, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Calvos de Randín, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Lobeira, Maceda, Maside, Monterrei, Ourense, Piñor, Ribadavia, San Cibrao das Viñas, Toén, Verín, Vilamarín, Xinzo da Limia e Xunqueira de Ambía.

PONTEVEDRA (45 concellos): Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Catoira, Crecente, A Estrada, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Illa de Arousa, Lalín, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Poio, Ponte Caldelas, Ponteareas, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Ribadumia, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.